



# Normas da Unidade de Diálise





# Introducción

---

Para garantir unha atención integral de calidade e o correcto funcionamento da Unidade de Diálise, é importante o coñecemento por parte dos pacientes das normas da Unidade.

Solicitamos aos pacientes a máxima colaboración no cumprimento destas normas:

# 1

O acceso á Unidade de Diálise efectuarase:

- Quenda de mañá: ás 08:30 horas.
- Quenda de tarde: ás 1500 horas.

O persoal de enfermería indicará o momento de entrada na unidade. Darase prioridade aos pacientes con mobilidade reducida. Deberá terse en conta que o horario de entrada non é o de conexión ao **monitor de diálise**.


# 2

Na súa primeira sesión de diálise será recibido por un profesional da unidade, que o informará sobre:

- A distribución e o funcionamento xeral da unidade.
- A quenda de diálise á que foi asignado/a e o posto de diálise que se lle asignou na sala, que pode cambiar en función das necesidades da unidade ou criterio profesional do persoal sanitario.

# 3

É importante levar roupa cómoda, en especial de cintura para arriba (pixama ou camisón, sen outra roupa debaixo, a excepción da roupa interior), facilitando así o acceso á fístula ou ao catéter, e a súa atención rápida en caso de emerxencia. O acceso á sala realizarase en zapatillas ou similar (de uso exclusivo para a unidade). A unidade dispón de vestiarios con "taquillas" nos que se deberá deixar a roupa e os zapatos. Recoméndase non traer obxectos de valor.



4

Lembre que para evitar infeccións, antes de entrar na sala e iniciar a diálise, deberá retirar os restos de pomadas e realizar o lavado do brazo da fístula con auga e xabón nos lavabos do vestiario.




5

Ao entrar na sala o paciente dirixirase directamente á báscula e ao seu posto asignado onde permanecerá sentado ou deitado. Non deberá deambular pola sala, se ten algunha necesidade, débeo comunicar ao personal da unidade, que lle facilitará todo o necesario: almofadas, mantas etc.




6

Durante a sesión, ao igual que en todo o recinto hospitalario, é obrigatorio o uso de máscara.



7 A conexión dos pacientes será na orde que dispoña o persoal de enfermería.

Debido a razóns organizativas e á necesidade de garantir a asistencia en caso de urxencia, o persoal de enfermería encargado do seu tratamento non sempre será o mesmo.



8 Pola súa seguridade (risco de afogamento en caso de mareo ou perda de conciencia), non está permitido o uso de chicles nin o consumo de caramelos; tampouco a inxestión de alimentos nin bebidas, salvo prescrición médica.

Se utiliza próteses dentais móbiles, deberá advertilo ao persoal de enfermería.



9 Os televisores acenderanse unha vez estean todos os pacientes do cubículo conectados e acomodados. En caso de discrepancia na elección da canle, decidírase por maioría. En caso de empate, resolverá o persoal da quenda. Permítese o acceso con libros, tablets, teléfonos móbiles etc. Deberán restrinxirse ao máximo as chamadas telefónicas e no seu caso faranse respectando o descanso e tranquilidade do resto de pacientes. En cumprimento da Lei de Protección de Datos de carácter persoal, quedan prohibidas as gravacións e videochamadas en toda a unidade.



10 O tratamento dialítico: tempo de diálise, ultrafiltración, medicación etc., está prescrito polo seu médico asignado, quen será o encargado de informalo/a sobre a evolución da súa enfermidade e os resultados das análises e outras probas, así como dos cambios no tratamento.

11 Todos os pacientes teñen o dereito a recibir un tratamento digno e respectuoso por parte de todo o persoal sanitario e do resto dos seus compañeiros. Ao mesmo tempo, esperamos de cada paciente unha relación respectuosa con todos os profesionais que o/a atenden e co resto de pacientes da unidade.

12 En caso de queixa ou suxestión, pode comunicalas de forma oral ou por escrito ao persoal da unidade, médico ou enfermeira, segundo o caso, ou á Unidade de Atención ao Paciente do hospital.



**Elaboración: Servizo de Nefroloxía\_Hospital de Día Nefrolóxico**  
**Codificación: NEF - InfoFamilias/02\_ed00\_gal**  
**Data: Abril 2023**

As imaxes deste documento obtivéronse da aplicación Canva

